

Fonte dos datos. INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

Datos en porcentaxes

A pirámide de poboación é un gráfico que mostra a estrutura demográfica por sexo e idade dun lugar nun momento dado. Ademais, reflicte no seu perfil os sucesos que tiveron repercusión demográfica nos últimos cen anos.

No eixo vertical temos os rangos das idades (5 en 5 anos) e no horizontal os efectivos de poboación masculina e feminina en porcentaxe sobre o total da poboación

### 1) FORMA DA PIRAMIDE

Pirámide con base regresiva, en forma de urna. A base estreita revela una taxa de natalidade baixa e en descenso. O vértice ancho indica una alta esperanza de vida que se traduce nunha poboación envellecida.

Forma da pirámide propia dos países desenvolvidos con taxas de natalidade moi baixas e unha mortalidade en aumento pola alta esperanza de vida asociada a un réxime demográfico moderno/ postmoderno.

Temon que engadir que neste caso a pirámide ten un lixeiro ensanchamento na súa base, e dicir hai un lixeiro incremento dos nacementos, debido á inmigración. Este tipo de pirámides, característico dalgúns países europeos, denomínase “as de picas” e indica unha lixeira recuperación da poboación envellecida.

### 2) ESTRUCTURA POR SEXO

Na base, no intervalo de 0 a 4 anos observamos unha maior porcentaxe de poboación masculina sobre a feminina debido á constante existente: nacen sempre mais homes que mulleres. Aproximadamente 105 nenos por cada 100 nenas. Como a

mortalidade masculina é maior chega un momento (entre os 35-39 anos) que o número de membros de ambos sexos iguálase. A partir de entón o nº de mulleres é maior de xeito que no grupo de anciáns, maiores de 65 anos, hai un claro predominio das mulleres. No ano 2012 a OCDE ofrecía os datos de que a esperanza de vida para os homes está en 82'5anos e para as mulleres en 85'5. É o país de Europa con maior esperanza de vida.

As causas da sobremortalidade masculina débense a:

- Máis fortaleza biolóxica das mulleres
- Os varóns afrontan un maior número de actividades de risco
- O descenso da mortalidade feminina no parto e o posparto
- 3) ESTRUCTURA POR GRUPOS DE IDADE
- Na base, no grupo de **(0-14 anos)** estreitamento debido á diminución da natalidade.
- No centro (grupo de poboación activa, en idade de traballar, **de 15 a 64 anos**) representa aos adultos. Parte máis ancha da pirámide.
- No vértice, **poboación de 65 e máis anos**. A pirámide vaise estreitando, en maior proporción na parte dos homes que das mulleres. Aínda así o vértice é amplo debido á alta esperanza de vida. Isto revela unha poboación en proceso de envellecemento pero cunha alta esperanza de vida.

#### 4) EXPLICACIÓN DAS IRREGULARIDADES(entrantes e saintes)

**Entrantes: na base** indican a diminución da natalidade cada vez máis acentuada. No ano 2012 a taxa de fertilidade estaba en 1'32 por muller en idade fértil, e dicir o reemplazo xeneracional non está asegurado.

**Entrante** (no grupo de 10 a 14 anos) moi significativo pola baixada da fecundidade nos 90, asociado aos cambios sociais e culturais (carga económica, incorporación laboral da muller, planificación familiar,...) que acompañan ao final da transición demográfica e redución por mor da crise económica. Observáse a diminución da natalidade desde 1979. A este respecto a maior baixada tivo lugar no grupo de idade entre 25 e 29 anos, e dicir nos nacidos a finais do 80 e comezos dos 90.

**Entrante 70 a 74 anos** nacidos desde 1938 ata 1942, correspóndese coa caída de nacementos durante a Guerra Civil e a posguerra. Este tramo é máis corto. Estes superviventes denomináanse "xeración oca". Este entrante é menos visible nas mulleres pola maior lonxevidade e menores taxas específicas da mortalidade. Hai que ter en conta tanto aos que morreron como aos que deixaron de nacer pola separación das parellas na guerra e na posguerra (exilio etc...)

#### SAINTES

**Sainte** na base por incremento da natalidade que se explica pola inmigración nos primeiros grupos de idade (de 0 a 9 anos). Esta poboación conserva comportamentos de fecundidade propios das rexións de orixe (países subdesenvolvidos)

**Sáinte** polo aporte de adultos da inmigración nas idades entre 30 e 39 anos.

**Sáinte** correspondente ao baby boom dos 60 para os maiores de 40 anos (grupos de idade nados entre 1962 e 1972 aprox.) Correspóndese co forte crecemento vexetativo dos anos do “desarrollismo” e política pronatalista do réxime ditatorial.

– **Sáinte** para os emigrantes retornados de máis de 60 anos.

### **Consecuencias que se poden derivar da estrutura da poboación que reflicte**

1) – **Envellecemento** . O relevo xeneracional non está asegurado pois o índice de relevo xeneracional necesita 2 fillos por muller e en España esa taxa está en 1’2 fillos por muller. Posiblemente o aporte demográfico da inmigración contribúe a aumentar a natalidade e pode posibilitar a recuperación demográfica do país. Isto debería vir acompañado de medidas que xa tomaron os países desenvolvidos como Francia, Dinamarca, Reino Unido, Noruega.....:

– axudas por fillo, deducións na renda, axudas na educación etc....O problema actual de España neste momento é a crise económica que impide levar a cabo estas medidas recuperadoras.

2)-**Dedicar maiores recursos á asistencia de anciáns, aumento do gasto destinado ás pensións.**

- Problemas para o mantemento do Estado do Benestar, os servizos sociais e sanitarios sofren una maior presión debido aos custos sanitarios e de prestacións de servizos que teñen que ofertar
- Retraso na idade de xubilación como consecuencia da crise económica, contrariamente á tendencia rexistrada con anterioridade de adianto da xubilación.
- Menor capacidade de innovación e incremento de modos de vida conservadores e risco de xerontocracia.
- Dificultade para asegurar o reposición xeracional.

Forma da pirámide propia dos países desenvolvidos con taxas de natalidade moi baixas e unha mortalidade en aumento pola alta esperanza de vida asociada a un réxime demográfico moderno/ postmoderno.

Pirámide contractiva/ forma de urna/ regresiva/ formas triangular ou de parasol, de oxiva ou campá correspondente a unha poboación envellecida. Base estreita por acusada diminución da poboación xoven e ensanchamento da poboación adulta e anciá

### **c) Explique as causas dos entrantes e saíntes nos grandes grupos de idade (1 punto)**

– Entrante 70 a 74 anos nados desde 1938 ata 1942, correspóndese coa caída de nacementos durante a Guerra Civil e a posguerra; este é menos visible nas mulleres pola maior lonxevidade e menores taxas específicas da mortalidade.

– Sáinte para os emigrantes retornados de máis de 60 anos.

– Sáinte correspondente ao baby boom dos 60 para os maiores de 40 anos (grupos de idade nados entre 1962 e 1972 aprox.) Forte crecemento vexetativo dos anos do “desarrollismo” e política pronatalista do réxime ditatorial.

– Sáinte polo aporte de adultos da inmigración nas idades entre 30 e 39 anos

– Entrante moi significativo pola baixada da fecundidade nos 90, asociado aos cambios sociais e culturais (carga económica, incorporación laboral da muller, planificación familiar,...) que acompañan ao final da transición demográfica e redución por mor da crise económica.

i. diminución natalidade desde 1979.

ii. Obsérvase mellor a baixada da cohorte de 25 a 29 anos (nados a finais dos 80 e comezos dos 90).

– Saínte por incremento da natalidade que se explica pola inmigración nos primeiros grupos de idade (de 0 a 9 anos). Esta poboación conserva comportamentos de fecundidade propios das rexións de orixe (países subdesenvolvidos)


**d) Comente as consecuencias que se poden derivar da estrutura da poboación que reflicte a figura 2 (1 punto)**

– Envellecemento

- Dedicar maiores recursos á asistencia de anciáns, aumento do gasto destinado ás pensións.
- Problemas para o mantemento do Estado do Benestar, os servizos sociais e sanitarios sofren una maior presión.
- Retraso na idade de xubilación.
- Menor capacidade de innovación e incremento de modos de vida conservadores e risco de xerontocracia.
- Dificultade para asegurar o reposición xeracional.

– Leve recuperación demográfica

- Aínda insuficiente para evitar a crise demográfica que se prevé a medio prazo.
- Aumento da necesidade de servizos asociados aos primeiros grupos de idades.




A pirámide da **poboación estranxeira** amosa unha estrutura **irregular**, cunha alta presenza da poboación adulta xove -a que tradicionalmente sempre migra máis- e unhas taxas de natalidade comparativamente altas -con respecto á poboación autóctona.

\* **A inmigración anova.** Sobre todo, no grupo da poboación *adulta xove* (menores de 45 anos). Iso é o que amosa a comparativa entre poboación española e estranxeira **A inmigración anova.** Sobre todo, no grupo da poboación *adulta xove* (menores de 45 anos). Iso é o que amosa a comparativa entre poboación española e estranxeira a finais de 2016, a partir de datos suministrados polo INE [ver [infografía](#)].

A pirámide da **poboación autóctona** amosa unha forma **regresiva**, propia dun país avellentado , no que a [dificultade da conciliación familiar](#) e a [alta taxa de desemprego](#) xustifican un retraso continuado na idade de ter o primeiro fillo -e, en consecuencia, un descenso da taxa de natalidade por debaixo da [taxa de reemplazo](#).

A pirámide da **poboación estranxeira** amosa unha estrutura **irregular**, cunha alta presenza da poboación adulta xove -a que tradicionalmente sempre migra máis- e unhas taxas de natalidade comparativamente altas -con respecto á poboación autóctona.




|




# CIFRAS DE POBLACIÓN

Población a 1 julio 2017: **46.549.045**

Pirámides de Población de España: ayer, hoy y mañana



Densidad de población 2017 - Personas por Km2



**Nota:** Datos provisionales a julio de 2017

**Fuente:** Cifras de población, Proyecciones de población INE - España  
Instituto Geográfico Nacional de España

Diciembre 2017